

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2023-2027

CPR PLURILINGÜE
SAGRADA FAMILIA



Revisión n.º: 01
Data: 14/10/2024

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 29/01/2024

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 29/01/2024

DATA DA 1.^a REVISIÓN: 14/10/2024

DATA DA 2.^a REVISIÓN:

1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEGAL	4
3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	5
3.1. O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	5
3.2. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	5
3.2.1. A SITUACIÓN DO PROFESORADO	5
3.2.2. A SITUACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE	6
3.3. A SITUACIÓN DO ALUMNADO	6
3.4. A SITUACIÓN DAS FAMILIAS	6
3.5. CONCLUSIÓNS	6
4. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS	8
4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS	8
4.2. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR	8
5. FOMENTO DA LINGUA GALEGA	11
5.1. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	11
5.2. OBXECTIVOS XERAIS	13
5.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN	13
6. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS	15
6.1. ACORDOS CURRICULARES	15
6.2. ACORDOS METODOLÓXICOS	19
6.3. ENSINO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS	20
6.3.1. PLURILINGÜISMO	20
6.3.2. AUXILIAR DE CONVERSA	21
6.3.3. INTERCAMBIOS	22
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	23
7.1. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	23
7.1.1. EDUCACIÓN PRIMARIA	23
7.1.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	23
7.2. MEDIDAS DE ACOLLEMENTO PARA O ALUMNADO QUE PROCEDE DOUTRAS COMUNIDADES OU PAÍSES	24
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO	25

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) non é outro ca a mellora da competencia comunicativa do alumnado, tanto nas linguas oficiais de Galicia coma nas outras linguas que forman parte do ensino obrigatorio. Deste xeito, o presente documento concíbese como un proxecto global que integra distintos ámbitos de actuación: regulamento de aspectos normativos relacionados cos usos lingüísticos do centro, fomento e normalización da lingua galega, tratamento integrado de linguas, tratamento da diversidade.

Somos conscientes das dificultades e do esforzo que require a posta en marcha e o mantemento das accións aquí recollidas, pero tamén estamos convencidos de que os avances do centro virán sempre da man da planificación e o consenso de toda a comunidade educativa. Nese sentido, a mellora da competencia lingüística é unha oportunidade para a innovación e a posta en marcha dunha renovación metodolóxica compartida polo profesorado do centro.

2. MARCO LEGAL

O presente documento ten como principal norma de referencia o Decreto 79/2010, do 20 de maio do 2010 (DOG do 25 de maio), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que establece no seu artigo 14.1 que “Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico”. O decreto establece explicitamente que nel se fará constar, cando menos:

- a) *A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*
- b) *En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.*
- c) *[...]*
- d) *Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.*

Non obstante, o marco legislativo que regula o uso das linguas no ensino obrigatorio e, polo tanto, sustenta este Proxecto Lingüístico é moito máis amplo e está constituído, fundamentalmente, polas seguintes referencias legais:

- Constitución Española [1978]
Artigo 3: *“As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas...”*
Artigo 20: *“...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España”*
- Estatuto de Autonomía [1981] Artigo 5: *“A lingua propia de Galicia é o galego.”*
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega ao ensino. Fixa, ademais, no seu artigo 14 que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2013, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tralos pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CPR Plurilingüe Sagrada Familia sitúase no casco urbano de Vilagarcía de Arousa e, se ben por poboación, Vilagarcía é unha vila, as características sociais dos membros da comunidade educativa son máis próximas ás dunha poboación urbana ca ás do rural. Boa parte do alumnado e das familias que acoden ao noso centro viven de actividades relacionadas co sector servizos e pertencen á clase social media, aínda que está a ser significativa a parte da poboación que sofre o paro. Estas características (poboación urbana, posición social media e prexuízos lingüísticos) supoñen estar ante unha poboación fortemente castelanizada e que amosa un rexeitamento cara á lingua galega.

3.2. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A realidade lingüística do CPR Plurilingüe Sagrada Familia responde, como por outra parte é natural, ás características da contorna. A situación é claramente diglósica: o castelán é a lingua de uso habitual e maioritaria nas relacións cotiás e o uso do galego cinguese, fundamentalmente, ao uso académico ou oficial. O colexio cumpre a normativa vixente no que se refire á lingua de desenvolvemento das materias e, dende o curso 2013-2014, conta co recoñecemento de centro plurilingüe, ao desenvolver materias non lingüísticas en lingua inglesa. A parte administrativa e de comunicación, tanto interna como externa, desenvólvese, fundamentalmente, en lingua galega.

3.2.1. A SITUACIÓN DO PROFESORADO

Con respecto a este grupo, danse diferentes actitudes e situacións. Por un lado, existe un sector de profesores e profesoras moi concienciados en relación coa nosa lingua, que tenta dinamizala e adoita utilizala en todos os contextos. Por outro, un sector -maioritario- do profesorado que domina e utiliza o galego en diferentes ámbitos (aulas nas que a lei así o marca, textos escritos...), pero que non adoita facer uso del en situacións informais. Finalmente, existe un pequeno grupo formado por persoas nadas fóra de Galicia, principalmente as relixiosas da congregación titular do centro, que comprende a nosa lingua, pero descoñece ou ten dificultades para a expresión oral e escrita.

Maioritariamente, e de maneira xeral, o profesorado do centro non é contrario nin amosa actitudes contrarias ao emprego e prestixio da lingua, aínda que nalgúns casos adopta posicións mornas con respecto ao seu uso ou fomento.

3.2.2. A SITUACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal de administración e servizos utiliza o castelán como lingua habitual para expresarse entre eles, tanto nas conversas informais como nas formais. No que se refire á súa relación co resto da comunidade educativa, nas situacións nas que alguén se dirixe a eles en galego, a súa resposta é tamén en galego, aínda que, de maneira espontánea, unicamente recorren a el nas situacións ou conversas máis informais.

3.3. A SITUACIÓN DO ALUMNADO

O noso alumnado utiliza nas súas relacións cotiás e espontáneas o castelán e son moi poucos os que utilizan o galego fóra do ámbito académico e obrigatorio. Son tamén poucos os que teñen como lingua familiar o galego e no caso de que se incorpore ao centro un alumno ou alumna galego-falante, axiña adopta de xeito espontáneo o castelán, para integrarse no seu grupo de iguais. En xeral, coa estancia no colexio e a aprendizaxe académica da lingua galega, van adquirindo capacidades para poder desenvolverse en galego “en caso de necesidade”, mais resulta extremadamente complexo erradicar algúns prexuízos sobre a súa utilidade ou a idoneidade e necesidade de falala para mantela viva.

3.4. A SITUACIÓN DAS FAMILIAS

Con respecto aos pais e nais, temos definidos, en xeral, dous grupos lingüísticos. Por unha parte, hai un grupo amplo que non se expresa case nunca en galego porque non se sente cómodo nesa lingua. Por outra, están os pais e nais que utilizan o galego en ámbitos informais (parella, grupos de amigos...), pero que o abandonan en contextos formais ou na relación cos fillos/as. En xeral, non atopamos especial conciencia nin a favor da normalización lingüística nin en contra e, se a houber, é pouco significativa dentro da comunidade educativa.

A enquisa, referida no punto anterior, ofrécenos, respecto das familias, uns datos moi interesantes de cara ao traballo que hai que realizar dende o centro na promoción e normalización da nosa lingua. Recollemos a continuación algúns deses datos, especialmente os relativos ás preferencias das familias relacionados cos aspectos lingüísticos da educación dos seus fillos e fillas.

3.5. CONCLUSIÓNS

Á vista dos aspectos sinalados nos apartados anteriores, pódense tirar as seguintes conclusións respecto do contexto sociolingüístico:

- a meirande parte da comunidade educativa ten como lingua primeira e vehicular o castelán.
- a situación lingüística é claramente diglósica: o castelán é a lingua de uso

habitual, mentres que o galego cínguese, fundamentalmente, ao uso académico e administrativo.

- o alumnado incorpórase ao centro con escaso ou nulo dominio do galego e o proceso da súa aprendizaxe realízase no ámbito académico.
- aparentemente, non existen na comunidade educativa actitudes contrarias ao emprego e prestixio da lingua galega, se ben é certo que tampouco existe, de maneira significativa, disposición manifesta para a súa promoción e dinamización.
- detéctase unha actitude positiva de cara ao idioma, dado que unha porcentaxe sorprendentemente alta das familias considera que os seus fillos e fillas deben aprender a falar galego e que o estudo desta lingua é necesario en idade temperá.

Con toda a prudencia que deben ser observadas e analizadas as actitudes lingüísticas e os discursos sociais en relación co noso idioma, á vista das conclusións anteriores, cabe marcar, primordialmente, dous obxectivos de traballo:

- desenvolver a competencia comunicativa do alumnado en lingua galega, entendida en todas as súas vertentes (pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria) e proporcionarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional.
- prestixiar e favorecer o uso do galego na comunidade educativa e, de maneira específica, no ámbito das familias, desenvolvendo para iso medidas que favorezan a reflexión e a concienciación no respecto e no uso do noso idioma.

4. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

A distribución lingüística axústase ao establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no tocante ao reparto das materias impartidas en lingua galega, lingua castelá ou lingua estranxeira. Con todo, e tendo en conta a sentenza 01286/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que reflicte o interese dos tribunais en paliar as desigualdades no uso das linguas cooficiais e concederlles aos centros escolares maior autonomía neste tema, procurárase, naqueles casos nos que sexa posible, potenciar a lingua menos habitual, neste caso o galego, co fin de conseguir a normalización e dinamización do seu emprego e as competencias de uso, tanto a nivel escrito como oral, por parte do alumnado.

Polo que respecta a cada un dos ciclos e/ou etapas, en educación infantil o profesorado usará como lingua vehicular a predominante entre o alumnado cando se incorpora ao centro (neste caso, o castelán), se ben se establecerán as medidas e estratexias oportunas para que os nenos e nenas adquiran o coñecemento da outra lingua oficial. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo, de acordo co resultado dunha enquisa (referida no apartado anterior) que deberán cubrir os pais, nais, tutores/as ou representantes legais dos alumnos/as de 4.º de Educación Infantil no momento da súa matrícula.

En Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, a distribución lingüística axustarase ao establecido no Decreto 79/2010, entendendo que unha materia se imparte nunha determinada lingua cando as explicacións docentes, os materiais empregados e os exames se realizan na lingua designada. Asemade, débese fomentar que a comunicación oral e escrita do alumnado nesa materia sexa na lingua establecida, co fin de dar espazos de uso culto tanto para o galego coma para o castelán. Igualmente, os materiais de apoio (fotocopias, textos de reforzo e traballo etc.) deben estar, con carácter xeral, na lingua establecida para a materia. Porén, queda a criterio do docente o emprego de materiais noutras linguas, cando a calidade do material así o recomende ou a súa tradución sexa inviable.

4.2. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

A distribución lingüística nas etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria queda como segue:

EDUCACIÓN INFANTIL

O profesorado usará como lingua vehicular a predominante entre o alumnado cando se incorpora ao centro (neste caso, o castelán), se ben se establecerán as medidas e estratexias oportunas para que os nenos e nenas adquiren o coñecemento da outra lingua oficial. Incorporaranse de xeito gradual momentos diarios nos que se utilizará o galego como lingua vehicular na aula e nos espazos de lecer.

Número de horas por materias

EDUCACIÓN PRIMARIA						
Materias	1.º	2.º	3.º	4.º	5.º	6.º
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión	1	1	1	1	1	1
E. en Valores Cívicos e Éticos	-----	-----	-----	-----	-----	1
TOTAL HORAS	25	25	25	25	25	25
HORAS EN LINGUA GALEGA	12	10	12	10	11	9
HORAS EN LINGUA CASTELÁ	10	12	9	11	10	12
HORAS EN INGLÉS	3	3	4	4	4	4

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA				
Materias	1.º	2.º	3.º	4.º
Lingua Galega e Literatura	3	3+1	3	3
Lingua Castelá e Literatura	3+1	3+1	3	3
Lingua Estranxeira	3	3	3	3
Matemáticas	4+1	4	4	-----

E. Plástica, Visual e Audiovisual	2	----	2	----
Xeografía e Historia	3	3	3	3
Bioloxía e Xeoloxía	3	----	2	3**
Educación Física	2	2	2	2
Relixión	1	1	1	1
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3	----	----
Segunda Lingua Estranxeira	2	2	3*	3*
Titoría	1	1	1	1
Física e Química	----	3	2	3**
Música	----	2	2	----
E. en Valores Cívicos e Éticos	----	----	1	----
Oratoria	----	----	3*	----
Educación Dixital	----	----	3*	----
Matemáticas (A e B)	----	----	----	4
Expresión Artística	----	----	----	3*
Filosofía	----	----	----	3*
Economía e Emprendemento	----	----	----	3**
Dixitalización	----	----	----	3**
Tecnoloxía	----	----	----	3**
Latín	----	----	----	3**
TOTAL HORAS	32	32	32	32
HORAS EN LINGUA GALEGA	12	10	12 +3*	7 +6* +6**
HORAS EN LINGUA CASTELÁ	12	14	11 +3*	7 +12**
HORAS EN INGLÉS	5	5	5	5
HORAS EN FRANCÉS	2	2	3*	3*

5. FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Un dos obxectivos centrais do proxecto educativo é garantir que o noso alumnado adquira unha competencia lingüística plena e igual en ambas as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A partir da análise sociolingüística do centro, queda patente o desequilibrio de uso real e competencial. Isto xustifica a existencia de medidas de fomento da lingua galega encamiñadas, principalmente, a deixar atrás os prexuízos lingüísticos e divulgar os valores positivos da diversidade lingüística no contexto global actual.

O EDLG constitúese, segundo as normas establecidas, co obxectivo de coordinar, planificar e promover actividades encamiñadas a conseguir o uso do galego dentro do centro escolar e tamén para incidir na comunidade educativa con actividades que fomenten o uso normal da lingua galega.

O equipo deste colexio é consciente de que a meirande parte do alumnado é de orixe castelá falante e que o contacto coa lingua galega é escaso, agás no ámbito escolar. A pesar disto, temos o convencemento de que a lingua galega é o principal patrimonio cultural de Galicia e que a súa conservación é imprescindible. Por iso queremos facer incidencia naquelas actividades que supoñan un uso activo, moderno e creativo. Temos que sacar a lingua máis alá do que é o ámbito estritamente académico, para que sexa empregada espontaneamente na lingua oral, nas TIC, na literatura infantil e xuvenil, no cine, na radio... As actuacións aquí formuladas van, fundamentalmente, dirixidas ao sector do alumnado, co ánimo de que serán eles, a través da súa actitude, os que incidan nos hábitos das súas familias, do profesorado e, no futuro, da contorna. Non esquecemos tampouco a necesidade de traballo coas familias, tal e como se concluía no apartado deste proxecto dedicado á análise sociolingüística da contorna e da comunidade educativa. Neste labor debemos valernos do apoio da ANPA e, na medida do posible, daqueles outros axentes externos que sexamos quen de mobilizar: concello, organizacións sociais de carácter empresarial, cultural, deportivo, social etc.

Porque temos na boca palabras milenarias que saben a fume, a bico, a berce, a carballo, a ollomol, a cambadela... e compartimos o soño de don Álvaro Cunqueiro de mil primaveras máis para a lingua galega, desexamos que no patio do noso colexio volva escoitarse “Non vale furaaaaaar...!”

5.1. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Segundo consta nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega é o órgano encargado de potenciar o uso e o prestixio da lingua e a cultura galegas no centro. Os seus integrantes serán

nomeados polo/a director/a pedagógico/a do centro. Estará composto, polo menos, polos seguintes membros:

- a) Un coordinador/a, que será nomeado polo Equipo Directivo
- b) Un profesor/a que imparta docencia en Educación Infantil
- c) Un profesor/a que imparta docencia en Educación Primaria
- d) Un profesor/a que imparta docencia en Educación Secundaria
- e) Tres alumnos/as, por proposta da Xunta de Delegados/as
- f) Un membro do persoal non docente, por proposta deles/as

As xuntanzas serán convocadas e presididas polo/a coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Poderán incorporarse ao traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade educativa.

Son competencias do Equipo de Dinamización da Lingua Galega as seguintes:

- a) Presentarlle, a través do Claustro, propostas ao Equipo Directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística, que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro.
- b) Propoñerlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión na Programación Anual do centro, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore etc. no ensino.
- c) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- d) Presentar, para a súa aprobación no Consello Escolar, o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- e) Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

O coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é o profesor/a responsable da coordinación e dinamización lingüística do centro. Será nomeado/a polo director/a pedagógico/a do centro e cesará nas súas funcións por dimisión ou por decisión do director/a pedagógico/a. No caso de baixa temporal, será substituído/a nas súas funcións pola persoa que determine o director/a pedagógico/a do centro.

Son competencias do coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- a) Colaborar na elaboración das programacións docentes de etapa.
- b) Formar parte da comisión redactora do Proxecto Lingüístico de Centro.
- c) Responsabilizarse da redacción dos plans que lle serán propostos á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d) Convocar e presidir as reunións do equipo.

- e) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas, que se incluírá na memoria do centro.
- f) Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.

5.2. OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular e instrumento indispensable de comunicación.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns/ás.
- Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC.
- Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- Diseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do centro.
- Fomentar a formación de grupos de traballo e fomentar a colaboración interdisciplinar para a realización de actividades que promovan o uso da lingua galega.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega nas relacións internas do centro: reunións, actas, rotulacións internas do centro, revistas e publicacións.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión...

5.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Coñecemento da realidade sociolingüística
 - Promover estudos do uso do galego na contorna.
 - Realizarlle enquisas á comunidade educativa.
- Mellora da competencia lingüística
 - Potenciar o uso oral e escrito do galego na actividade académica.
 - Apoiar todos os espazos de uso para a lingua galega: publicacións, intercambios, actividades relacionadas con oratoria, teatro...

- Colaborar coa biblioteca escolar no fomento de lectura.
 - Asesorar lingüisticamente e revisar a documentación do centro.
 - Difundir materiais en galego entre os diferentes grupos da comunidade educativa.
 - Realizar polo menos un proxecto ou unidade didáctica no que se poida valorar mediante unha rúbrica a competencia lingüística nas materias non específicas de Lingua e Literatura Galega.
- Dinamización da vida cultural
- Organizar actividades co obxecto de promocionar a nosa lingua e cultura: obradoiros, relatorios, concursos literarios, fotográficos...
 - Colaborar na organización das celebracións da tradición galega: magosto, festival de panxoliñas, entroido, maios, Letras Galegas...
 - Organizar e coordinar saídas culturais encamiñadas ao coñecemento da cultura galega.
 - Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores/as, escritores/as, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional... ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
 - Difundir elementos da nosa tradición: xogos populares, refráns...
 - Manter informada a comunidade educativa respecto de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, concursos...
 - Incentivar e asesorar os equipos que participan nos diferentes torneos de oratoria e debate e colaborar na organización dos torneos internos.
 - Favorecer o desenvolvemento de actividades co obxecto de proporcionarlle ao alumnado ferramentas e seguridade na expresión oral en lingua galega (obradoiros de regueifas, contacontos...).
 - Apoiar e colaborar no desenvolvemento de actividades que teñen a lingua galega como medio de expresión (Libro viaxeiro de recetas e Día do protagonista, en Educación Infantil; Libro viaxeiro, en Educación Primaria...).
 - Colaborar con entidades alleas ao centro na organización e desenvolvemento de actividades (BATA, Outono micolóxico, en Educación Primaria; concursos literarios en Educación Primaria e ESO...).
 - ...

6. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS

O CPR Plurilingüe Sagrada familia marca como estratexia metodolóxica o Tratamento Integrado de Linguas (TIL), co obxectivo de desenvolver no noso alumnado unha competencia comunicativa plurilingüe, que lle permita empregar de maneira adecuada e eficaz a lingua que require cada situación. Trátase de traballar en cada unha das linguas o que lle é propio e compartir entre todas o que teñen en común.

O TIL require que todo o profesorado coopere conxuntamente no desenvolvemento da competencia comunicativa. Conscientes disto, valorouse a posibilidade de constituír un único departamento na etapa da ESO, formado por todos os profesores e profesoras das materias lingüísticas. Finalmente descartouse esta opción e optouse pola integración do profesorado de Lingua Castelá e Lingua Galega nun único departamento (Departamento de Linguas Oficiais) e a do profesorado de Lingua Inglesa e Lingua Francesa noutro (Departamento de Linguas Estranxeiras).

6.1. ACORDOS CURRICULARES

De cara a poder abordar a aprendizaxe de linguas dunha maneira integrada, tal e como se comentaba no apartado anterior, fíxose necesaria a adopción dunha serie de medidas nas materias de Lingua Castelá e de Lingua Galega, materias instrumentais tanto na Educación Primaria coma na ESO e básicas na adquisición da competencia lingüística. Recollemos, a continuación, os principais acordos curriculares:

- Morfoloxía. Tanto en primaria coma en secundaria, utilizamos a mesma nomenclatura para as clases de palabras: determinantes (artigos, numerais, posesivos, indefinidos, demostrativos, exclamativos, interrogativos), substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.
- Clases de palabras. A clasificación das palabras realizarase segundo o seguinte esquema:

ORACIÓN COMPUESTA

Oraciones Compuestas		Coordinadas				
		Coordinadas	Copulativas	Expresan una relación de suma o adición.	y, e, ni	Luis escribía y Antonio pintaba. Ni lo sé ni me importa.
Coordinadas	Disyuntivas	Entre ellas se plantea una alternancia de acciones que se excluyen entre sí.	o, u, o bien	Habla ya o cállate para siempre.		
Coordinadas	Distributivas	Indican alternancia de acciones divididas en distintos lugares, tiempo, agentes, etc.	ya...ya, ora...ora, bien...bien, unos...otros, esto...aquello, aquí...allí	Ya caían rayos, ya caían centellas. Unas veces ríen, otras veces lloran.		
Coordinadas	Adversativas	Plantean entre sí una oposición de significados parcial o total.	Restringidas (parcial) mas, pero Exclusivas (total) sino	Trabajé muchas horas, pero no me cansé. No fui al cine, sino que fui al teatro.		
Coordinadas	Explicativas	La segunda explica el sentido de la primera.	es decir, o sea	Escribe correctamente, es decir, no cometas faltas.		
Subordinadas	Sustantivas (Realizan, respecto a la proposición principal, una de las funciones siguientes.)	de Sujeto	que, el que, el hecho de que, lo que, eso de que	Me alegré tu saludo. Me alegré que tú me saludaras. Me dijo: " Espérame. "		
Subordinadas		de C. D.	Directo	sin nexo	Espero que me felicites.	
Subordinadas			Indirecto	que		
Subordinadas		Interrogativo indirecto	si, qué, quién, cuál, dónde, cómo, cuándo, cuánto			
Subordinadas		de C. I.	a que, al que, a quién			
Subordinadas		de Complemento de un Nombre	de que		Tengo miedo de que me atropellen.	
Subordinadas		de Complemento de un Adjetivo	de que, a que, con que		Estoy feliz de que te comportes bien.	
Subordinadas	de Suplemento de un verbo	de que, en que		Me acordé de que cumplías años.		
Subordinadas	Adjetivas o de relativo	Realizan respecto a un nombre de la oración principal la misma función que un adjetivo. Van introducidas por pronombres relativos que realizan la función de enlace y la propia de un sustantivo.	<i>que, cual, quien, cuyo, donde, como, cuando, cuanto</i>	especificativas Me molestan los perros que ladran mucho. explicativas Los perros, que ladran mucho , me molestaban.		
Subordinadas	Adverbiales (Modifican al verbo de la proposición principal aportando un significado del cual toman su nombre.)	de relación circunstancial	de lugar	donde, preposición + donde, (a donde, por donde, hacia donde, hasta donde, en donde, desde donde)	Encontré las llaves donde tú las habías perdido.	
Subordinadas			de tiempo	antes que, antes de que, antes de	Comí antes de que tú llegaras. Leeré el periódico mientras tú estabas.	
Subordinadas			de modo	tan pronto como, apenas, luego que, después que, en cuanto	Saldré en cuanto tú me lo mandes.	
Subordinadas		de relación lógica	Comparativas	Igualdad	tal...cual, tal...como, tanto...como, tanto...cuanto, igual...que	Te ayudé tanto como pude.
Subordinadas				Superioridad	más...que, más...de	Tengo más experiencia que tú crees.
Subordinadas				inferioridad	menos...de, menos...que	Te he alabado menos de lo que te mereces.
Subordinadas			Causales	porque, pues, puesto que, ya que, como, dado que	Nos quedamos porque se ha hecho de noche.	
Subordinadas			Consecutivas	por consiguiente, por tanto, luego, con que, así que, tan...que..., tanto que..	Ha llovido, luego el suelo está mojado. Ha llovido tanto que me he mojado.	
Subordinadas			Condicionales	si, con tal que, siempre que, a condición de que, como,	Acabaré si tú me ayudas. Iré siempre que me pagues.	
Subordinadas			Concesivas	aunque, a pesar de que, aun cuando, por más que,	Saldremos a la calle aunque llueva. Iré al cine a pesar de no tener dinero.	
Subordinadas	finales	para, para que, a fin de que, con objeto de que, a que, con vistas a que, con el fin de que	Te hemos elegido para que nos representes.			
Subordinadas	Yuxtapuestas	Son iguales que las coordinadas y subordinadas, sólo que en vez de llevar un enlace llevan un signo de puntuación que lo sustituye.	Coordinadas Papá está aquí, mamá está fuera. Subordinadas Ha llovido, el suelo está mojado.			

- Análise sintáctica. Realizarse en árbore e non en caixa. Partirase da unidade maior (ORACIÓN) e subdividirase en PROPOSICIÓN. Poderá empregarse indistintamente, e cando proceda, a nomenclatura “complemento de réxime verbal” (CRV) ou “suplemento”; a función de “modificador” (MOD) diferenciarase da de “complemento de nome” (CN).
- Análise morfolóxica do substantivo. A análise morfolóxica do substantivo farase seguindo a estrutura: tipoloxía, xénero e número.
- Comentario de texto. Realizarse seguindo o modelo que se xunta a continuación, unificado para toda a ESO.

ESQUEMA DE COMENTARIO DE TEXTO LITERARIO

0.- Lectura e comprensión do texto. Interesa:

- a) Lelo atentamente varias veces ata comprendelo ben.
- b) Buscar o significado das palabras e xiros descoñecidos.
- c) Comprender o que o autor escribiu.

1.- Localización. Convén ver (brevemente, cinco ou seis liñas)

- a) Quen é o autor:
 - * Época na que vive.
 - * Lugar de nacemento
 - * Corrente literaria á que pertence.
 - * Datos biográficos máis importantes
 - * Ambiente no que viviu:
 - Cultural
 - Político
 - Social
 - Artístico
- b) Se se trata dunha obra completa ou dun fragmento. Situalo no conxunto da produción literaria do autor, xustificando brevemente a resposta (p. ex. "1ª saída da primeira parte de *El Quijote*, dado que D. Quijote sae sen Sancho Panza).

2.- Análise do contido. Ver:

- a) Tema do texto (de qué trata o fragmento): unha liña. Enunciado nunha frase sen verbo.
- b) Tópicos literarios
- c) Estructura do texto: resumo do argumento e división en partes.
- d) Elementos do texto:
 - * Personaxes que interveñen.
 - * Accións (acontecementos)
 - Principais
 - Secundarias
 - * Marco: espazo, tempo
 - * Modalización (postura do autor ante o contido):
 - Intervén como personaxe ou é un observador?
 - Como ve os seus personaxes?:
 - Desde dentro?
 - Desde fóra?
 - É obxectivo? (límitase a describir os feitos)
 - É subxectivo? (valora os feitos)

3.- Análise da forma (expresión). De que medios se vale o autor para comunicarnos o contido.

- * Nivel fónico (en POESÍA): rima, estrofa, tipo de poema e recursos baseados no son.
- * Nivel morfosintáctico: recursos de dición e tipos de oracións.
- * Nivel semántico: recursos de pensamento e significado de palabras importantes.
- * Frecuencia de palabras e características:
 - Substantivos
 - Adxectivos
 - Verbos...
- * Tipoloxía textual, se procede. Narrativo, descritivo, argumentativo...

4.- Conclusión. Debemos:

- a) Facer unha síntese referíndonos:
 - Ao contido
 - Á forma de expresalo
 - Á impresión producida
- b) Dar una opinión persoal sobre o texto analizado (fiel mostra dos gustos da época, dificultade...)

6.2. ACORDOS METODOLÓXICOS

Respecto dos acordos metodolóxicos aprobados polo Departamento de Linguas Oficiais, son os seguintes:

- As actividades curriculares que o departamento programa, tanto se se realizan no propio centro como fóra del, serán de asistencia obrigatoria e o feito de ausencia sen unha razón xustificada afectará negativamente a nota de actitude.
- O curso comezará cunha avaliación inicial, para determinar o punto de partida do alumnado. Esta servirá igualmente para derivar alumnado con dificultades específicas ao grupo de apoio, onde poderá recibir unha atención máis individualizada. Non se levará a cabo, no resto dos cursos, posto que xa se ten coñecemento do alumnado.
- Os contidos da teoría lingüística e literaria e a súa posta en práctica serán avaliados a través de probas escritas.
- Na materia de Lingua Galega e Lingua Castelá, en educación primaria realizarase unha avaliación da competencia oral (comprensión e expresión)

específica, que terá un peso do 10 % na cualificación da materia.

- Valorarase a realización de traballos: as lecturas obrigatorias para cada curso, as tarefas diarias e a boa presentación dos exercicios; en todos os trimestres avaliarase a participación e actitude na clase cara á materia.
- Valorarase positivamente a lectura voluntaria por parte do alumnado.
- A avaliación será continua.
- Na ESO, se un alumno/a ten a materia de Lingua Castelá e Lingua Galega pendente do curso ou cursos anteriores, terá a posibilidade de recuperala. A materia dividirase en tres bloques, cos traballos correspondentes de cada un, que serán supervisados polo profesorado do curso anterior e acordaranse co alumnado sesións de reforzo para resolver dúbidas.
- En todos os traballos e/ou probas escritas, na ESO descontarase 0'1 por cada erro de acentuación e 0,25 por cada erro ortográfico e en Primaria, descontarase 0,05 por cada erro de acentuación e 0,1 por cada erro ortográfico. Tamén se terá en conta se hai unha deficiente puntuación ou erros na expresión escrita (erros de léxico por interferencia lingüística, semántica ou de sintaxe). Como a ortografía é un contido da materia, non será recuperable, como sucede noutras materias.

6.3. ENSINO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

O CPR Plurilingüe Sagrada Familia ten marcado como un dos seus obxectivos garantir a aprendizaxe de linguas estranxeiras, nomeadamente a lingua inglesa e francesa, e consolidar, no posible, a súa presenza na vida académica do centro. Nese sentido, ao longo dos últimos cursos veñen funcionando unha serie de medidas e programas que, pola relevancia acadada, estanse convertendo nun dos sinais de identidade do centro. Está na vontade do colexio continuar acometendo as ditas iniciativas, sempre segundo as convocatorias e as posibilidades da oferta anual.

6.3.1. PLURILINGÜISMO

O centro conta co recoñecemento de “plurilingüe” dende o curso 2013-2014, o que supón que a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa se lle imparte nunha lingua estranxeira (neste caso, o inglés) áreas ou materias non lingüísticas. Os obxectivos deste programa son:

- Formar en linguas estranxeiras, á vez que en contidos non lingüísticos.
- Mellorar o dominio efectivo do alumnado en linguas estranxeiras.
- Fomentar a pluralidade lingüística e cultural, para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.

- Promover o desenvolvemento dun currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outras.

En Educación Primaria, as materias que se imparten en inglés son Educación Plástica (1.º e 2.º ciclo) e Música e Danza (3.º ciclo). Na etapa de Educación Secundaria, impártese Educación Física en inglés.

6.3.2. AUXILIAR DE CONVERSA

Implantado no curso 2014-2015, este programa complementario de apoio e colaboración de profesorado nativo posibilita a práctica da conversa oral, proporciona un modelo de corrección lingüística e achega o alumnado e o profesorado á cultura do seu país. A dedicación semanal é de vinte horas lectivas, repartidas en todos os grupos do colexio, dende Educación Infantil ata 4.º da ESO, e as súas funcións circunscríbense ás establecidas na regulación vixente para este tipo de programas.

Na seguinte táboa recóllese a lista dos cursos nos que colabora o/a auxiliar de conversa e a asignación horaria para cada un deles, así como o tipo de agrupamento e as actividades que desenvolve:

Curso	Horas semanais	Agrupamento	Tipos de actividades
4.º EI	30 minutos	<ul style="list-style-type: none"> · En E.I., saen en pequenos grupos de 10 minutos cada un. · Pequenos grupos · Toda a clase 	<ul style="list-style-type: none"> · Empregar rutinas lingüísticas diarias. · Explicar exercicios e corrixir. · Amosar aspectos culturais do seu país de procedencia. · Traballar aspectos lingüísticos específicos. · Resolver dúbidas que xorden na clase. · Falar sobre o tema dado na clase e o vocabulario específico de cada unidade. · Facer xogos.
5.º EI	30 minutos		
6.º EI	30 minutos		
1.º EP	50 minutos		
2.º EP	50 minutos		
3.º EP	50 minutos		
4.º EP	50 minutos		
5.º EP	50 minutos		
6.º EP	50 minutos		
1.º ESO	50 minutos		
2.º ESO	50 minutos		
3.º ESO	50 minutos		
4.º ESO	50 minutos		

6.3.3. INTERCAMBIOS

Unha das actividades que se realiza como parte do proxecto lingüístico é o intercambio con outros centros educativos doutros países, para mellorar a

fluidez e o nivel nalgunha lingua estranxeira. Actualmente estase a levar a cabo un intercambio cun centro educativo de Francia.

Inicialmente trátase dunha actividade destinada ao alumnado de 3.º e 4.º da ESO, co obxectivo de mellorar a súa competencia lingüística e aprender a vivir outras culturas e outros costumes. Consiste nun intercambio bilateral de sete días de duración, no que o aloxamento se realiza na casa das familias participantes. Durante esta semana, o alumnado participa nas actividades do colexio de acollida (xogos, clases especiais, clases ordinarias) e realiza distintas saídas culturais. Antes da viaxe trabállanse nas clases de francés distintas situacións comunicativas nas que se poderán ver os alumnos durante o intercambio (convivencia coas familias, compras etc.) e durante a estancia débese completar un caderno de viaxe, no que se recollen anécdotas, aspectos culturais e lingüísticos.

De cara ao seu desenvolvemento, establecéronse unha serie de condicións para poder participar. O grupo non poderá superar os 25 alumnos/as. No caso de que as solicitudes excedan as prazas dispoñibles, seguirase un proceso de selección, no que se valorará:

1. A dispoñibilidade para acoller un alumno ou alumna do colexio francés.
2. A nota de francés do curso anterior.
3. A nota media do curso anterior (cando sexa necesario, no caso de empate).

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O centro ten establecidas unha serie de medidas de carácter organizativo e curricular, que se desenvolven no caso de alumnos/as que presentan un déficit lingüístico ou un insuficiente dominio das linguas. O primeiro nivel na detección de necesidades constitúeo o profesorado, e moi especialmente o titor/a, que, a partir da avaliación inicial e continua, identifica as necesidades existentes e aplica as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborda as súas posibilidades, recórrese ao Departamento de Orientación, que leva a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades, organízanse os apoios e establécense as medidas pertinentes, tanto dentro como fóra da aula. A continuación resumimos as medidas de atención á diversidade lingüística que se desenvolven no centro.

7.1. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

7.1.1. EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforzo educativo

1.º a 6.º curso. Elabóranse plans específicos para traballar as dificultades propias de cada alumno/a (principalmente problemas na adquisición da lectoescritura) e realízase atención individualizada por parte do mestre/a especialista en Audición e Linguaxe ou de profesorado con dispoñibilidade horaria. O profesorado deberá seguir os protocolos específicos para cada dificultade de aprendizaxe ou necesidade educativa.

- Agrupamento flexible

Programa dirixido a aquel alumnado de 5.º e 6.º de Educación Primaria que ten manifestado claras dificultades na materia de Lingua Castelá ao longo da etapa. Os contidos e a distribución horaria é a mesma ca a do seu grupo de referencia, o grupo non supera os 10 alumnos/as e a metodoloxía céntrase nunha atención máis individualizada.

7.1.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Reforzo educativo

O profesor/a da materia aplícallos a aquel alumnado que amosa certas dificultades na aprendizaxe das linguas, pero non precisa dunha adaptación do currículo oficial.

- Agrupamento flexible

É un programa dirixido a aquel alumnado de 1.º e 2.º de ESO que ten manifestado claras dificultades na materia de Lingua Castelá ao longo da Educación Primaria. Os contidos e a distribución horaria son os mesmos ca os do seu grupo de referencia, o grupo non supera os 10 alumnos/as e a metodoloxía céntrase nunha atención máis individualizada.

- Adaptación curricular

É a adaptación do currículo ao nivel que precisa o alumno/a concreto.

- Exención da 2.ª lingua estranxeira

O alumnado de 1.º e 2.º da ESO que presenta dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, pode quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. A competencia da decisión recaerá na Dirección do centro, unha vez escoitada a opinión da familia.

7.2. MEDIDAS DE ACOLLEMENTO PARA O ALUMNADO QUE PROCEDE DOUTRAS COMUNIDADES OU PAÍSES

Por regra xeral, todo o alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento de calquera das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma deberá seguir un *Programa específico personalizado*, ata que o progreso na súa competencia curricular así o aconselle.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico de Centro correspóndelle ao Consello Escolar. Para facilitar a súa valoración e análise, realizarase, previamente, un seguimento por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que lle trasladará as súas conclusións ao claustro de profesores/as.

Terase en conta a diferente documentación xerada polas diversas instancias do centro: Programación Xeral Anual, programacións didácticas e memorias de ciclos e departamentos, información e valoración dos programas e actividades para a dinamización da lingua galega, programación e avaliación das diferentes actuacións en materia de promoción de linguas estranxeiras, documentación e memoria do Departamento de Orientación, programación e avaliación do proxecto e plan lector..

Este proxecto remitirase cada catro cursos escolares ao Servicio de Inspección Educativa. Con carácter anual, cada comezo de curso remitiráselle a este servizo unha addenda coas modificacións e actualizacións necesarias.